

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

- 3** *Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).*

En aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), a estrutura de programación en España para o período 2007-2013 baséase nun Plan Estratéxico Nacional de Desenvolvemento Rural, que indica as prioridades da intervención do Fondo e do Estado, nun Marco nacional de desenvolvemento rural, que contén os elementos comúns a todos os programas e as medidas horizontais de aplicación xeral, xunto a dezasete programas rexionais de desenvolvemento rural, e nun Programa de Rede Rural Nacional.

O artigo 71.3 do citado regulamento dispón que as normas relativas á subvencionabilidade dos gastos propios da aplicación destes programas se establecerán a escala nacional, sempre que se cumpran as condicións especiais establecidas no propio regulamento e no Regulamento (CE) n.º 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No ámbito interno, o dito establecemento dos criterios de subvencionabilidade correspóndelle ás comunidades autónomas acorde coas competencias que teñen asumidas. Non obstante isto, resulta imprescindible establecer un mínimo normativo que garanta a distribución equitativa dos fondos FEADER e a aplicación homoxénea destes criterios en todo o territorio nacional.

Esta disposición supón unha novidade sobre a regulación anterior, constituída polo Regulamento (CE) n.º 448/2004 da Comisión, do 10 de marzo de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1685/2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, no relativo ao financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos fondos estruturais e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1145/2003, que establecía unha serie de normas de subvencionabilidade comúns en todos os Estados membros e que agora se exige, no novo período de programación 2007-2013, que sexa regulada con anterioridade á plena posta en marcha dos programas.

Por outra parte, o Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais de desenvolvemento rural, determinou que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, actualmente Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sexa o organismo de coordinación das autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural, ao cal, entre outras funcións, lle corresponde, de conformidade co disposto na alínea o) do seu artigo 6, o impulso da aplicación harmonizada das disposicións comunitarias, para garantir a coherencia da axuda prestada polo FEADER e as administracións nacionais coas actividades, as políticas e as prioridades da Unión Europea.

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, dispón que a Administración do Estado pode establecer as condicións esenciais de outorgamento das axudas e, pola súa parte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que as subvencións financiadas con cargo a fondos comunitarios se rexerán polas normas comunitarias aplicables a cada caso e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición daquelas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas relativas á subvencionabilidade dos gastos aplicables aos programas de desenvolvemento rural 2007-2013, en virtude do disposto no artigo 71.3 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Artigo 2. *Gastos subvencionables.*

Os gastos subvencionables deberán corresponder de maneira indubitada á natureza da operación subvencionada, sen máis limitacións que as derivadas das normativas comunitaria, nacional e autonómica aplicables.

En todo caso, a axuda pública non superará o importe dos desembolsos efectivamente realizados polo beneficiario.

Artigo 3. *Gastos non subvencionables.*

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

1. Os xuros debedores, salvo que sexan obxecto de axuda en forma de bonificación de xuros de conformidade co disposto no artigo 71.5 do mesmo regulamento.

2. Os gastos financeiros, excepto os inherentes aos préstamos con xuro bonificado a que se refire o punto anterior e, nos termos previstos nas bases reguladoras da subvención, os que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a execución do proxecto.

3. Os gastos de garantía bancaria, salvo nos supostos que expresamente determinen as bases reguladoras da subvención.

4. O imposto sobre o valor engadido recuperable ou, se é o caso, o imposto xeral indirecto canario recuperable, nin o soportado polos entes públicos que presten servizos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

5. A vivenda, salvo que as bases reguladoras da subvención prevexan que poden ser obxecto de subvención nas medidas de primeira instalación de agricultores mozos, diversificación cara a actividades non agrícolas, fomento de actividades turísticas e, cando se trate de edificios singulares, nas de conservación e mellora do patrimonio rural, reguladas nos artigos 20.a).ii), 52.a).i), 52.a).iii) e 52.b).iii), respectivamente, do Regulamento (CE) 1698/2005.

6. A adquisición de terreos, excepto cando se prevexa nas bases reguladoras para algunha das medidas do programa de desenvolvemento rural; neste caso, salvo na medida de primeira instalación de agricultores mozos regulada no artigo 20.a).ii) do Regulamento (CE) 1698/2005, seralle de aplicación o disposto nos números 1, 2 e 3 do artigo 8.

7. Os impostos persoais ou sobre a renda e as contribucións a calquera réxime de previsión social.

8. Os xuros de demora, as recargas, multas coercitivas e sancións administrativas e penais.

9. Os gastos de procedementos xudiciais.

10. No caso de investimentos en explotacións agrarias, os gastos de adquisición de dereitos de produción, de animais e de plantas anuais e a súa plantación. Non obstante, a compra de animais poderá ser subvencionable cando teña por obxecto a reconstrución do potencial produtivo afectado por danos catastróficos.

11. Os descontos efectuados en contratos ou facturas na adquisición de bens e servizos.

12. Na adquisición de bens e servizos mediante contratos públicos:

a) Os pagamentos efectuados polo contratista á Administración en concepto de taxa de dirección de obra ou control de calidade.

b) Calquera outro concepto que supoña ingresos ou descontos que deriven da execución do contrato.

c) Os pagamentos efectuados polo beneficiario que deriven de modificacións de contratos públicos mentres que non se admita a súa subvencionabilidade pola autoridade de xestión.

13. Os gastos relativos aos seguintes subcontratos:

a) Os que aumenten o custo de execución da operación sen un valor engadido.

b) Os celebrados con intermediarios ou asesores en que o pagamento consista nunha porcentaxe do custo total da operación, a non ser que o beneficiario xustifique este pagamento por referencia ao valor real do traballo realizado ou aos servizos prestados.

14. Os gastos non docentes de actividades formativas e de amortización ou arrendamentos de bens e edificios destinados a estas, no que excedan o 25 por cento do importe total dos gastos subvencionables da operación.

15. Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existentes, ou partes deles, por un edificio ou unha máquina novos e modernos, sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 por cento ou sen introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou a tecnoloxía correspondente. Non se considerarán investimentos substitutivos a demolición total dun edificio agrario de 30 anos ou máis e a súa substitución por outro moderno nin a renovación xeral dun edificio. Unha renovación considerarase xeral cando o seu custo supoña como mínimo o 50 por cento do valor do edificio novo. No caso de adquisición de maquinaria, as bases reguladoras poderán prever a subvencionabilidade do incremento de potencia, prestacións ou capacidade de produción.

16. Os gastos anteriores á solicitude da axuda ou da acta de non inicio, se esta é anterior a aquela. As bases reguladoras das axudas poderán prever a subvencionabilidade de gastos ou investimentos anteriores, como os necesarios para a primeira instalación de agricultores mozos, ou os realizados exclusivamente a título de almacenamento de materiais, sempre que a montaxe, instalación ou incorporación «in situ» non tivesen lugar antes da presentación da solicitude ou da elaboración da acta de non inicio, así como os correspondentes a honorarios técnicos, estudos de viabilidade, adquisición de patentes ou licenzas e obtención de permisos.

Artigo 4. *Documentación e xustificación dos gastos.*

1. Con independencia dos controis específicos das comunidades autónomas e sen prexuízo do disposto nos números 4 e 5 deste artigo, cando a axuda estea condicionada á realización de gastos ou investimentos, o seu perceptor deberá xustificalos mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, cando este último suposto se previse nas bases reguladoras da subvención.

2. Cando se dispoña nas bases reguladoras, os xustificantes orixinais presentados dilixenciaranse ou selaranse, indicando neles que o investimento foi obxecto de subvención pública.

3. A efectividade do pagamento acreditarase con extractos ou títulos bancarios ou contables. Cando algunha cantidade se pagase en metálico, que, salvo que o réxime de axudas prevexa unha cantidade inferior, non poderá superar o importe de tres mil euros por provedor, na contabilidade a que, se é o caso, estea obrigada a empresa comprobarase que existiu unha diminución patrimonial equivalente ao dito pagamento e, en todo caso, as facturas irán acompañadas de certificados de cobramento dos provedores ou incluirán a expresión «Recibín en metálico», datadas e asinadas, co NIF do cobrador.

4. As bases reguladoras poderán prever que a xustificación se realice a través de módulos naqueles supostos en que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade subvencionable ou os recursos necesarios para a súa realización sexan medibles en unidades físicas.
- b) Que exista unha evidencia ou referencia do valor de mercado da actividade subvencionable ou, se é o caso, do dos recursos que se vaian empregar.
- c) Que o importe unitario dos módulos, que poderá conter unha parte fixa e outra variable en función do nivel de actividade, se determine sobre a base dun informe técnico motivado, no cal se recollerán as variables técnicas, económicas e financeiras que se tiveron en conta para a determinación do módulo, sobre a base de valores medios de mercado estimados para a realización da actividade ou do servizo obxecto da subvención. As autoridades de xestión establecerán as normas de cálculo dos módulos, a súa actualización e revisión.

5. Os gastos xerais vinculados aos gastos subvencionables serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se prevexa expresamente a súa admisión no procedemento de selección da operación subvencionada; e
- b) que correspondan a custos reais da operación subvencionada ou custos medios reais imputables a operacións do mesmo tipo e se asignen proporcionalmente á operación de acordo cun método xusto e equitativo debidamente acreditado.

6. Cando a axuda estea condicionada á realización de gastos ou investimentos, os seus perceptores últimos deberán conservar e, se é o caso, pór á disposición da Comisión da Unión Europea, da Intervención Xeral da Administración do Estado, do Tribunal de Contas e dos órganos fiscalizadores das comunidades autónomas, os rexistros contables a que estean obrigados por razón da súa actividade e, en todo caso, os documentos xustificativos relativos aos gastos realizados e as bases de cálculo nos supostos dos números 4 e 5 deste artigo e do artigo 7, a efectividade do pagamento e a aplicación da axuda. Esta obriga esténdese durante o prazo de catro anos contados a partir da finalización do último compromiso asumido polo beneficiario.

7. No caso de entidades que teñan a condición de medios propios instrumentais, e que contén cunhas tarifas aprobadas pola Administración, a aplicación do sistema de tarifas servirá de xustificante do importe dos custos reais da actuación de que se trate, e non será necesario presentar ningún outro.

Artigo 5. *Arrendamentos financeiros.*

1. Poderán ser subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros de adquisición de activos subvencionables, incluído, se é o caso, o valor da opción de compra, excepto a marxe do arrendador, xuros de custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, polo período de vida útil do activo e sen superar o custo de mercado ou a parte proporcional se o contrato finaliza antes.

2. O beneficiario da axuda será sempre o arrendatario, sen prexuízo de que o arrendador poida ser o seu destinatario para minorar o prezo do arrendamento. Só serán subvencionables os pagamentos aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos.

Artigo 6. *Gastos de amortización de bens inmobles ou bens de equipamento.*

As bases reguladoras da subvención poderán establecer a subvencionabilidade dos gastos de amortización de bens inmobles ou bens de equipamento que estean directamente relacionados cos obxectivos da operación, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- a) Que na adquisición dos bens inmobles ou bens de equipamento non se utilizasen subvencións nacionais ou comunitarias;

b) Que os custos de amortización se calculen de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas; e

c) Que o custo se refira exclusivamente ao período de subvencionabilidade da operación.

Artigo 7. *Contribucións en especie.*

As contribucións en especie poderanse subvencionar, sempre que se cumpran as condicións do artigo 54 do Regulamento (CE) n.º 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, e, cando proceda, as condicións reguladas nos artigos 8 e 9 deste real decreto.

Artigo 8. *Adquisición de terreos e edificios.*

1. Serán subvencionables, nos termos previstos neste artigo, as adquisicións de terreos e edificios, cando exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.

2. A adquisición de terreos será subvencionable sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que non estean edificadas ou o estean con construcións que teñan que ser demolidas como medio para o desenvolvemento e execución da actividade subvencionable;

b) Que o importe do investimento aplicable á adquisición de terreos, excepto nos casos mencionados no número 3, non supere o 10 por cento do importe total dos gastos subvencionables da operación;

c) Deberase achegar un certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou un órgano ou organismo público debidamente autorizado, no cal se acredite que o prezo de compra non excede o valor de mercado.

3. En operacións de protección ambiental, a adquisición de terreos será subvencionable cando se cumpran as seguintes condicións:

a) A adquisición será obxecto dunha autorización da autoridade de xestión.

b) O terreo destinarase ao uso previsto durante o prazo que se especificará na dita autorización.

c) O terreo non se destinará a actividades agrarias, salvo en casos debidamente xustificadas autorizadas pola autoridade de xestión.

d) A adquisición será efectuada por unha Administración pública ou un organismo público dependente dela ou, logo de autorización da autoridade de xestión, unha entidade sen ánimo de lucro e finalidade ambiental.

4. A compra de edificios, incluíndo, se é o caso, os terreos sobre os cales se asentan, será subvencionable sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) O importe do investimento aplicable á adquisición do edificio non superará a porcentaxe que, en relación ao importe total dos gastos subvencionables da operación, establezan as bases reguladoras da subvención;

b) Deberase presentar un certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado no cal se confirme que o prezo de compra non excede o valor de mercado;

c) Os edificios non deberán ter recibido, nos dez últimos anos, ningunha subvención nacional ou comunitaria;

d) Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a cinco anos;

e) O edificio non poderá albergar servizos administrativos de carácter público.

Artigo 9. *Bens de equipamento de segunda man.*

Os custos de adquisición de bens de equipamento de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o beneficiario teña a consideración de peme de acordo coas definicións que figuran na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas;
- b) Que os bens reúnen as características técnicas necesarias para a operación;
- c) Que conste unha declaración do vendedor respecto á orixe dos bens, e que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria;
- d) Que o prezo non sexa superior ao valor de mercado nin ao custo dos bens novos similares.

Artigo 10. *Gastos de asesoramento profesional.*

Co alcance que se preveña nas bases reguladoras, serán subvencionables os gastos de asesoramento legal, notaría, rexistro, asesoramento técnico, profesional ou financeiro, contabilidade ou auditoría, ou outros de similar natureza, se están directamente ligados á operación e son necesarios para a súa preparación ou posta en práctica ou, no caso dos gastos de contabilidade ou auditoría, derivan de exixencias da autoridade de xestión.

Artigo 11. *Gastos de xestión, asistencia técnica e execución das axudas.*

No marco da asistencia técnica de cada programa de desenvolvemento rural, serán subvencionables os gastos derivados de actividades relativas á preparación, xestión, seguimento, avaliación, información, publicidade e control do programa. A autoridade de xestión do programa Rede Rural Nacional, ademais, poderá autorizar gastos distintos aos ocasionados polas actividades de asistencia, para o funcionamento da estrutura da Rede Rural Nacional, xestión e mellora da gobernanza e o resto das actividades previstas nela.

2. Serán subvencionables os seguintes gastos de xestión, execución, seguimento e control:

- a) Gastos ligados á preparación, selección, valoración e seguimento da axuda e das operacións.
- b) Gastos de reunións de comités e subcomités de seguimento da execución da axuda. Este gasto poderá incluír tamén os custos ligados á participación neses comités de expertos e outros participantes, incluídos os nacionais de países terceiros, cando o presidente deses comités considere que a súa presenza é esencial para a correcta execución da axuda. Sen prexuízo do anterior, o importe máximo dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención, incluídos nas actividades dos puntos anteriores, será o previsto na regulación da comunidade autónoma correspondente, e que resulte equivalente ao establecido para o grupo 2 polo Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
- c) Gastos de auditoría e control «in situ» das operacións.
- d) Os soldos do persoal, incluíndo as cotizacións sociais, durante o tempo de destino ou de emprego, que non poderá exceder a data límite establecida para a axuda, fixada na decisión pola cal se aprobe esta axuda. A realización destas tarefas por funcionarios, outros empregados públicos ou outro persoal, que deberán ser destinados para iso mediante decisión formal da autoridade competente, deberase xustificar pormenorizadamente.

3. Tamén serán subvencionables como gastos derivados da asistencia técnica outras actividades distintas das establecidas no punto anterior, como estudos, seminarios, actividades de información, avaliación e adquisición e instalación de programas informáticos para a xestión, o seguimento e a avaliación. Neste caso, non serán subvencionables os salarios dos funcionarios ou outros empregados públicos que executen tales accións.

4. Os gastos das administracións públicas serán subvencionables, á marxe da asistencia técnica, se teñen relación coa execución dunha operación, coa condición de que non deriven do exercicio das competencias das autoridades públicas ou das tarefas cotiás de xestión, supervisión e control das ditas autoridades, e se refiren a:

a) Gastos de servizos profesionais prestados por un servizo público para a execución dunha operación. Os gastos deberanse facturar a un beneficiario, sexa público ou privado, ou certificaranse sobre a base de documentos contables de valor probatorio equivalente que permitan determinar os custos reais pagados polo servizo público afectado en relación coa operación.

b) Gastos de execución da operación, incluída a prestación de servizos, soportados por unha autoridade pública que sexa, ademais, a beneficiaria e execute unha operación pola súa propia conta sen recorrer a expertos exteriores ou a outras empresas. O gasto deberá ser adicional, real e directamente pagado en relación coa operación subvencionada e deberase certificar sobre a base de documentos que permitan determinar os custos reais pagados polo servizo público para executar esa operación.

Artigo 12. *Territorialidade dos gastos.*

1. Salvo nos proxectos de cooperación, a que se refire o artigo 65 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, as operacións subvencionables deberanse efectuar no ámbito territorial cuberto polo programa.

2. Non obstante, cando o ámbito territorial a que se destina a axuda se beneficie total ou parcialmente dunha operación realizada fóra del, esta poderá ser admitida pola autoridade de xestión, sempre que se cumpran as condicións sinaladas a continuación:

a) O gasto máximo da operación determinarase proporcionalmente aos beneficios derivados da operación que se prevé que redundarán no dito ámbito territorial, e basearase na avaliación dun organismo independente da autoridade de xestión. Os beneficios calcularanse atendendo aos obxectivos específicos da axuda e ás súas previsibles repercusións. A operación non poderá ser subvencionada cando os beneficios sexan inferiores ao 50 por cento.

b) Os gastos subvencionables das operacións aceptadas en aplicación desta excepción, non poderán exceder o 10 por cento do gasto público total do eixe, nin o 5 por cento do gasto público total do programa.

c) Estas operacións deberanse indicar nos informes anuais e final de execución da axuda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA